

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

RESOLUCIÓN do 16 de decembro de 2021 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de prazas mediante o sistema de libre designación.

De conformidade co establecido nos artigos 88 e 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no artigo 52 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e demais normativa de procedente aplicación, e no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, e da delegación de competencias operada pola Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020, esta xerencia

DISPÓN:

Primeiro. Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I.

Segundo. Poderán concorrer a ela todos/as os/as funcionarios/as que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro. As solicitudes, que irán dirixidas ao xerente da Universidade da Coruña, empregarán o modelo que consta como anexo II a esta convocatoria. A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, no Rexistro auxiliar da Zapateira-Elviña, no Rexistro auxiliar de Ferrol ou nas restantes formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Á solicitude xuntaráse un currículo no cal se especifiquen os méritos, que se acreditarán documentalmente.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter

CVE-DOG: r0pbfnd7-mpd0-cv64-e014-bgpn5ifwck81



potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición, ante esta reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro).

A Coruña, 16 de decembro de 2021

Ramón del Valle López
Xerente da Universidade da Coruña

ANEXO I

Nº de posto	Denominación	Centro	Tipo	Grupo	Escala	Comple. destino	Comple. especif.	Forma provisión
750	Secretario/a da Reitoría	Reitoría	S	A2/C1	Xeral	22	679,72	Libre designación
13	Secretario/a	Secretaría Xeral	S	A2/C1	Xeral	21	613,95	Libre designación
758	Vicexerencia de Coordinación	Xerencia	S	A1/A2	Xeral/técnica	28	1.826,13	Libre designación

Requisitos: funcionario/a de carreira con destino definitivo na Universidade da Coruña.



ANEXO II

Apelidos		Nome		NIF	
Data nacemento	Corpo ou escala			Grupo	Nº rexistro persoal
Enderezo		Localidade		Provincia	
Teléfono fixo		Teléfono móbil		Enderezo electrónico	
Posto que solicita					
Destino actual					
Departamento		Organismo			Localidade

Solicito: ser admitido/a ao concurso convocado mediante a Resolución reitoral da Universidade da Coruña, do 16 de decembro de 2021, para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto que máis arriba se relaciona.

A Coruña, _____ de _____ de 2021

(Sinatura do solicitante)

Sr. Xerente da Universidade da Coruña

CVE-DOG: r0pbfnd7-mpd0-cv64-e014-bgpn5ifwck81

